



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SADA

Secretaría

Corrección de erro na resolución de alcaldía de 23 de decembro de 2024 sobre formalización de contrato coa categoría de operario en execución de sentenza

Esta alcaldía ditou o 13 de xaneiro de 2025 o Decreto núm.39/2025, que a continuación se transcribe:

“Advertido erro no Decreto da Alcaldía núm.2327/2024, do 23 de decembro, pola que se resolve a formalización de contrato como persoal laboral fixo coa categoría de operario en execución de sentenza (BOP núm.249, 27-12-24), consistente en que:

Onde se reflicte: (..), un período dun mes a contar desde o seguinte á publicación desta resolución no Boletín Oficial da Provincia ,(..)

O correcto é: (..), un período dun mes a contar desde o día seguinte á publicación desta resolución no Boletín Oficial da Provincia ,(..)

Considerando o disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e en virtude das atribucións conferidas polo artigo 21.1h) da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, RESOLVO:

1. Corrixir a dita resolución nos termos expostos, quedando a seguinte redacción no parágrafo obxecto de corrección:

(..), un período dun mes a contar desde o día seguinte á publicación desta resolución no Boletín Oficial da Provincia ,(..)

2. Que se notifique esta resolución de corrección ao interesado e se publique na páxina web municipal, no taboleiro da sede electrónica e no Boletín Oficial da Provincia”.

O que se fai público para xeral coñecemento.

Sada, 15 de xaneiro de 2024

O alcalde

Óscar Benito Portela Fernández

2025/212